

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA A COBERTURA DE ABONO DE SERVIZOS EXTRAORDINARIOS PARA O PERSOAL DE DEPORTES, (MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2023).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 59-2024, por un importe total de 1.324,83 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico para a cobertura de abono de servizos extraordinarios para o persoal de Deportes: Gonzálo Rodríguez Vilanova ( meses de outubro, novembro e decembro de 2023).

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1640/2024, do 18.11.2024 así como os RCMOD Ref.: 75506/2024, Ref.: 75509/2024 e Ref.: 75512/2024, por importe de 1.324,83 €, do 14.11.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Neste caso, débese considerar que se trata de aplicacións pertencentes á mesma área de gasto e política de gasto, polo que pertencen á mesma Concellería, e trátase de facer fronte a servizos extraordinarios realizados no exercicio previo, que por retrasos na tramitación non puideron aplicarse antes, como consecuencia estimase admisible a modificación proposta.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 1.324,83 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte positiva do presente decreto:

| APLICACIÓNS<br>ORZAMENTARIAS QUE<br>CEDEN CRÉDITO | IMPORTE € | APLICACIÓNS<br>ORZAMENTARIAS<br>QUE INCREMENTAN<br>CRÉDITO | IMPORTE € |
|---------------------------------------------------|-----------|------------------------------------------------------------|-----------|
|                                                   |           |                                                            |           |

## INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac1097282369493013484.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 59-2024 Servizos extraord. Deportes

|                             |            |                                    |            |
|-----------------------------|------------|------------------------------------|------------|
| 34000.23020                 | 100,00 €   | 34200.13001                        | 1.324,83 € |
| 34000.23120                 | 100,00 €   |                                    |            |
| 34210.21200                 | 1.124,83 € |                                    |            |
| <b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b> | 1.324,83 € | <b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b> | 1.324,83 € |

**SEGUNDO:** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.